



O sindicato amosa a súa preocupación polo anuncio da conselleira de que o vindeiro ano van convocar oposicións en 90 especialidades, o que suporía que incluso naquelas con menos de 10 interinidades habería proceso selectivo.

A CIG-Ensino insta á Consellaría a deixar o electoralismo a un lado e a negociar con rigor e seriedade a OPE de 2020

Este anuncio prodúcese sen negociar previamente nada coas OOSS nin achegar datos de xubilacións nin número de interinidades nas distintas especialidades, tal e como esixe a CIG-Ensino ano tras ano. O único que si se sabe é que non se vai crear novo emprego, porque así o impide o acordo dos sindicatos estatais co goberno central e porque os orzamentos da Xunta para 2020 mesmo recollen unha redución de 45 postos de traballo nos corpos de secundaria con respecto a 2019.

Ante o anuncio realizado pola conselleira de Educación sobre a Oferta de Emprego Público para 2020 no que avanzou que se convocarían oposicións en **90 especialidades cun número total de prazas algo superior ao de 2019**, a CIG-Ensino entende que responde a “mero electoralismo e non dá resposta ás necesidades do sistema educativo galego”. Dado que o acordo entre os sindicatos estatais co anterior goberno Rajoy **impide a creación de novos postos de traballo**, de cumprirse isto suporá unha **simple substitución de profesorado temporal por fixo**. Aínda máis, se temos en conta que o borrador dos Orzamentos da Xunta de Galiza para o ano que vén inclúe unha redución de profesorado nos corpos de secundaria (pasamos de 17.966 no 2019 a 17.921 no 2020) está claro que esta OPE non vai resolver as carencias existentes no ensino público galego.

Así mesmo, outro dato que sorprende é o de que se convocarían prazas de 90 especialidades, algo que non acontecía desde o ano 2007, e para o que descoñecemos que estudo realizou a Consellaría ao respecto da idade e do número de persoal interino que hai en cada especialidade. Neste sentido, e tendo en conta os datos de adxudicación de destinos provisionais deste curso, que sempre son



algo inferiores ao número total de interinidades finalmente adxudicadas, na CIG-Ensino contabilizamos que hai **75 especialidades nas que traballan 10 ou máis persoas interinas e 41 nas que traballan 20 ou máis**. Isto significaría que despois de anos de conxelación de emprego público agora se convocarían procesos selectivos en especialidades con **menos de 10 interinos traballando**, pero dado que o número de prazas sería moi semellante ao do ano pasado, **1.788 de acceso libre e 2.064** se sumamos as de promoción interna que practicamente non se cobren, pódese intuír que serían **moi poucas en cada especialidade**, polo que de novo estamos ante unha estratexia meramente propagandística como a que nos ten acostumados a Consellaría nestes dous últimos anos. Así pois, desde o sindicato instamos á súa titular a que negocie de forma rigorosa e seria a OPE de 2020 e que achegue os datos que permitan ver as necesidades educativas dos próximos anos no sistema público galego.

Acordo de estabilidade para o persoal interino

A Consellaría incrementou o número de interinos na última década polas limitacións nas taxas reposición de efectivos e agora, un profesorado que foi usado para facer fronte a esas necesidades, é desprezado pola propia administración. Toda oferta pública de emprego debería diferenciar as prazas que son produto de xubilacións ou de falecementos das que, sendo estruturais e vacantes, foron ocupadas durante anos e anos por profesorado interino. Un acceso diferenciado a estas prazas foi o que propuxo a CIG tanto na Mesa sectorial estatal como no Consello Escolar do Estado (a semana pasada) pero a nosa proposta foi rexeitada en ambos foros.

Así pois, a única alternativa para o colectivo interino, que pode verse abocado ao paro despois de moitos anos de conxelación de ofertas de emprego e que,

tal e como se demostrou nestes últimos anos non é o que maioritariamente aproba as oposicións, é que se inclúa unha **cláusula de estabilidade** no actual acordo que rexe a contratación de efectivos temporais no ensino público galego. Neste sentido, a CIG-Ensino volverá reclamar a negociación desta cuestión na Mesa Sectorial na que se aborde a OPE de 2020 á que espera que a Consellaría acuda con ánimo de negociar e sen máis anuncios electorais que distorsionen dita negociación.

Para consultar as especialidades nas que se contabilizan máis de 10 interinidades na adxudicación de destinos provisionais para este curso consultade a ligazón desta nova na nosa web: <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-ensino-instala-consellaria-a-deixar-o-electoralismo-a-un-lado-e-a-negociar-con-rigor-e-seriedade-a-ope-de-2020.html>



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal